




Martín de Padrozelos



**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL

Pouco se sabe sobre este autor. De acordo coa colocación das súas composicións nos apógrafos italianos, nunha zona onde predominan os xograres galegos, todo parece indicar que é desta orixe. Tamén de acordo cos autores que o rodean, deberá ter vivido a mediados ou finais do século XIII (Tavani 1991) ou entre o segundo e o derradeiro cuarto do século XIII (Oliveira 1994).

Segundo a profesora Dulce M^a Fernández Graña, o nome deste poeta, a xulgar polos documentos que nolo transmiten (Cancioneiro da Biblioteca Nacional, Cancioneiro Português da Biblioteca Vaticana), é **Martin Padrozelos** e non Martin de Padrozelos, como algúns editores teñen transcrito sen razón aparente (vid. Lorenzo, 1993), seguramente levados a erro pola presenza doutros nomes de trovadores e xograis que inclúen a preposición indicativa da súa orixe xeográfica, como Pero de Armea, Pero Garcia de Ambroa ou Pedro Amigo de Sevilha.

Con respecto á súa orixe, temos tres teorías:

- Para uns autores é natural de Padrucelo, na parroquia de San Xoán de Lóuzara, que limita coa parroquia de San Salvador de Mao, onde antigamente existira un mosteiro. É comunmente aceptado que os nosos poetas medievais adoitaban compor cantigas por encomendados monxes dun determinado mosteiro, ermida ou lugar de peregrinación con afán propagandístico. O santuario referido situábase normalmente na área de orixe do compositor, o cal explica que apareza sempre un mesmo locus amoenus como marco das cantigas de romaría dun autor. Dado que varias composicións de Martin Padrozelos se insiren nun escenario común, a romaría de San Salvador de Valongo, atopamos unha zona onde concorren varios signos que apuntan para unha mesma dirección. Na parroquia de San Xoán de Lóuzara, existe un lugar denominado Praducelo; unha das casas que integran esta pequena aldea é coñecida como casa de Martin¹, mais ningún dos membros da familia sabe de cando data tal denominación nin acordan antepasado ningún que así se chamase.. Continuando co relato deste cúmulo de coincidencias, existe un río que atravesa esta zona denominado Valelongo, e unha pequena capela románica do s. IX a carón do mosteiro de Samos, dedicada a San Salvador.

Hoxe pode resultarnos Lóuzara un lugar afastado das vías habituais de comunicación, mais non hai que esquecer que nos arredores de Praducelo existen restos dunha antiga vía romana que se utilizaba para transportar o mármore extraído no Incio e tamén como vía alternativa do camiño de Santiago caso de haber neve en Samos. Non se debe tampouco obviar a proximidade do mosteiro como probable lugar de formación do noso autor, mais non podemos confirmar este dado por teren ardido en sucesivos incendios os documentos monacais anteriores ao século XV, sabendo que Martin Padrozelos viviu no XIII. Á vista destes datos, cremos que todo apunta cara á confirmación da naturalidade louzariña do noso poeta. Nela acreditamos, xuntamente co poeta courelao Uxío Novoneyra e o profesor Ramón Lorenzo, sobre todo se compararmos esta acumulación de coincidencias coa escasa información biográfica que da maioría dos nosos poetas medievais posuímos hoxe².

- Outros autores, como Souto Cabo³, debido ás súas referencias à ermida de S. Salvador de Valongo, apuntan que se trata dun xograr orixinario da actual Perozelo (ou Peroselo), aldea na freguesía de S. Miguel de Augas Santas (Cotobade).
- Outra teoría o sitúa como oriúndo da localidade lusa de Padrozelos, no municipio de Ribeira de Pena, na rexión de Trás-os-Montes.

Deste autor conservamos dez cantigas recollidas nos cancioneiros da Biblioteca Vaticana e de Lisboa. Nove son de amigo e unha é de amor, e na actualidade hai coincidencia arredor da notable altura literaria e a acaída beleza das súas composicións.

¹ A figura do trovador Martín de Padrozelos centra un documental, que realizou a Asociación de Xornalistas e Estudosos do Camiño de Santiago (Apecsa). O traballo producido por Xoán Piñeiro, que leva por título *Trovador no Camiño. Andares pola lírica de Martín de Padrozelos* (<https://www.youtube.com/watch?v=nm3bwdWrQ4Q>). Este autor foi obxecto da tese de doutoramento de Dulce María Fernández Graña *As cantigas de Martin Padrozelos. Edición crítica*, Universidade da Coruña, 1994 así como do libro de Xulio Pardo de Neyra, *Martín de Padrozelos, ou primeiro trovador da lírica galego-portuguesa*, Editorial Toxosoutos, 2005.

² FERNÁNDEZ GRAÑA, Dulce María (1996) "Edición de cantigas de Martin Padrozelos" en *Congreso de Jóvenes Filólogos*, Universidade da Coruña.

³ SOUTO CABO, José António (2018), "Martim Codax e o fenómeno jogralesco na Galiza sul-occidental", in *The Vindel Parchment and Martin Codax. The Golden Age of Medieval Galician Poetry*, edited by Alexandre Rodríguez Guerra and Xosé Bieito Arias Freixedo, John Benjamins Publishing Company.

Ai meu amigo, coitada
vivo porque vos non vejo
e, pois vos tanto desejo,
en grave día foi nada
se vos cedo, meu amigo,
non faço prazer e digo.

Pois que o cendal venci
de parecer en Valongo⁴,
se m'ora de vós alongo,
en grave día naci
se vos cedo, meu ami[go,
non faço prazer e digo].

Por quantas veces pesar
vos fiz de[s] que vos amei,
algũa vez vos farei
prazer, e Deus non m'ampar
se vos cedo, meu ami[go,
non faço prazer e digo].

Descrición

Cantiga de Amigo - Refrán - Cobras singulares

Fontes manuscritas

B 1242, V 847

Paráfrase

- (I) Ai meu amigo, vivo coitada porque vos non vexo e, xa que tanto vos desexo, en aciago día nací se axiña, meu amigo, non vos fago e digo algo que vos praza.
- (II) Xa que gañei o galardón pola miña beleza en Valongo, se agora me afasto de vós, en aciago día nací *se axiña, meu amigo, non vos fago e digo algo que vos praza.*
- (III) Por cantas veces vos fixen pesar desde que vos amei, algunha vez vos farei pracer, e que Deus non me ampare *se axiña, meu amigo, non vos fago e digo algo que vos praza.*

⁴ *Ermida de S. Salvador de Valongo* - Ermida em Valongo, perto de Perozelo, hoxe desaparecida. Segundo Souto Cabo, pode tratarse da igrexa de S. Salvador da Lama (conc. Lama, PO), a 4,5 km de Perozelo.

Amigas, sejo cuidando
no meu amigo porque non
ven, e sal-m'este corazón
e estes ollos chorando,
que me non pode guarir ren
de morte se cedo non ven.
E ando maravillhada

porque tanto tarda, se é
viv'e sab'én, per bõa fe,
ca viv'oj'eu tan coitada
que me non pode guarir ren
[de morte se cedo non ven].

Descrición

Cantiga de Amigo - Refrán - Cobras singulares

Fontes manuscritas

B 1244, V 849

Paráfrase

- (I) Amigas, vivo pensando no meu amigo porque non vén, e desexo con paixón e choran estes ollos porque non me pode cousa ningunha salvar da morte se el non vén axiña.
- (II) E estou marabillada porque tarda tanto, abofé, se está vivo e sabe isto, pois vivo hoxe eu tan coitada que non me pode cousa ningunha salvar da morte se el non vén axiña.

– Amig', avia queixume
de vós e quero-mi-o perder,
pois veestes a meu poder.
– Ai mia senhor e meu lume,
se de mí queixum'avedes,
por Deus que o melhoredes!

– Tant'era vossa queixosa
que jurei en San Salvador⁵
que nunca vos fezeß'amor.
– Ai mia senhor mui fremosa,
se de mí quei[xum'avedes,
por Deus que o melhoredes!]

– Amig', en poder sodes meu
se m'eu de vós quiser vingar,
mais quero-mi-vos perdoar.
– Ai senhor, por al vos rog'eu!
Se de min quei[xum'avedes,
por Deus que o melhoredes]

de min, que mal dia naci,
senhor, se vo-lo mereci!

Descrición

Cantiga de amigo - Refrán, Dialogada - Cobras singulares - Finda

Fontes manuscritas

B 1240, V 845

Paráfrase

- (I) –Amigo, tiña queixa de vós e queroa perder, pois viñestes ao meu poder.
–Ai miña señora e meu lume, se tendes queixa de min, por Deus, esquecédea!
- (II) –Eu estaba tan doída convosco que xurei en San Salvador que nunca vos daría mostras de amor.
–Ai miña señora moi fermosa, se tendes queixa de min, por Deus, esquecédea!
- (III) –Amigo, estades no meu poder se me eu quixer vingar de vós, mais querovos perdoar.
–Ai señora, por outra cousa vos rogo eu! Se tendes queixa de min, por Deus, esquecédea (1) por min, que en infausto día nacín, señora, se volo merecín!

⁵ Existe un río que atravesa esta zona denominado Valelongo, e unha pequena capela románica do século IX a carón mesmo do mosteiro de Samos (a 20 km. de Lóuzara), dedicada a San Salvador, que hoxe dá nome á rúa onde está localizada. Neste lugar aínda hoxe se celebra a romaría cada 6 de Agosto. San Salvador tamén se pode referir a unha ermida de Valongo, na parroquia de Aguasantas (Cotobade, Pontevedra), moi preto de Perocelo, próxima á igrexa de San Salvador da Lama, tamén en Pontevedra (Souto Cabo 2018: 93).

Deus, e que cuidei a fazer
 quando m'eu da terra quitei
 u mia senhor vi? Baratei
 mal porque o fui cometer,
 ca sei que non posso guarir,
 per nulha ren, se a non vir:
 Deus, e que cuidei a fazer?

Sandec', e devi'a perder,
 amigos, por quanto provei
 de m'end'alongar; e direi-
 -vos máis: non no posso sofrer
 e cuido sempr'a tornar i
 e fiz, por quanto m'én parti,
 sandic', e devi'a perder

o corpo, ca non outr'aver;
 tod'aquesto eu mi-o busquei
 mui ben e lazera-lo-ei,
 ca sei ca non posso viver
 polo que fiz, e assi é
 que perderei, per bõa fe,
 o corpo, ca non outr'aver.

Mais quen me podia valer
 senon Deus, a que rogarei
 que me guise d'ir, e irei
 ced'u a vi po-la veer,
 ca non sei al tan muit'amar;
 e, se m'El esto non guisar,
 quen me poderia valer?

Descrición

Cantiga de Amor - Mestria - Cobras uníssonas (rima c singular) - Dobre: (vv. 1 e 7 de cada estrofa)

Fontes manuscritas

B 1247, V 852

Paráfrase

- (I) Deus, e en que estaba pensando cando me fun da terra onde vin a miña señora? Fixen un mal negocio por me atrever a facer iso, porque sei que non podo vivir de forma ningunha se non a vexo: Deus, e que pensei que facía?
- (II) Unha loucura, e debía saír prexudicado, amigos, por canto tentei afastarme de alí; e direivos máis: non o podo soportar e penso sempre en tornar alí e fixen, por canto me afastei de alí, unha loucura, e debía perder
- (III) o corpo (a vida) e non outro ben que teña; todo isto eu o busquei moi ben e heino de lamentar, pois sei que polo que fixen non podo vivir, e así é que, certamente, perderei o corpo (a vida) e non outro ben que teña.
- (IV) Mais quen me podía valer agás Deus, a quen rogarei que dispoña as cousas para eu ir, e irei cedo a onde a vin para vela, pois non sei amar tanto outra cousa; e se El non me dispuxese isto, quen me podería valer?

Eu, louçana, enquant' eu viva fôr,
nunca ja mais creerei per amor,
pois que me mentiu o que namorei,
nunca já mais per amor creerei,
pois que mi mentiu o que namorei.

E, pois m' el foi a seu grado mentir,
des oimais me quer' eu d' amor partir,
pois que me mentiu o que namorei,
nunca já mais per amor creerei,
pois que me mentiu o que namorei.

E direi-vos que lhi farei por en:
d' amor non quero seu mal, nen seu ben,
pois que me mentiu o que namorei,
nunca já mais per amor creerei,
pois que me mentiu o que namorei.

Descrición

Cantiga de Amigo - Refrán - Cobras singulares

Fontes manuscritas

B 1238, V 843

Paráfrase

- (I) Eu, louzá, mentres viva, nunca máis xa creerei no amor, pois que me mentiu o que namorei: endexamaís creerei no amor, pois que me mentiu o que namorei.
- (II) E, pois me mentiu voluntariamente, desde agora quérome apartar do amor, pois que me mentiu o que namorei: endexamaís creerei no amor, pois que me mentiu o que namorei.
- (III) E direivos que lle farei por iso: do amor non quero nin o seu mal nin o seu ben, pois que me mentiu o que namorei: endexamaís creerei no amor, pois que me mentiu o que namorei.

Fostes-vos vós, meu amigo, d'aquí
 sen meu mandad'e nulha ren falar
 mi non quistes; mais oj'ao entrar,
 se por medida non fosse de mí,
 se vos eu vira, non mi venha ben
 nunca de Deus nen d'onde m'oje ven,

ca vos fostes sen meu mandad'e sei
 que mi pesava mui de corazón;
 e, meu amigo, Deus non mi perdon,
 se por medida non fosse que ei,
 se vos eu [vira, non mi venha ben
 nunca de Deus nen d'onde m'oje ven]

(San Salvador sabe que assi é!),
 ca vos fostes mui sen o meu prazér,
 e, quando m'oje veestes veer,
 se por medida non foss', a la fe,
 se vos eu [vira, non mi venha ben
 nunca de Deus nen d'onde m'oje ven].

Descrición

Cantiga de Amigo - Refrán - Cobras singulares

Fontes manuscritas

B 1245, V 850

Paráfrase

- (I) Fóstesvos, meu amigo, de aquí sen o meu permiso e non quixestes falar cousa ningunha comigo, mais hoxe, ao volver, se non fose pola miña medida, non me veña ben nunca de Deus nin de onde hoxe me vén se eu consentira en vos ver,
- (II) porque vos fostes sen o meu permiso e sei que me pesaba moi de corazón; e, meu amigo –Deus non me perdoe–, se non fose pola medida que teño, que non me veña ben nunca de Deus nin de onde hoxe me vén, se eu consentira en vos ver (agora)
- (III) –San Salvador sabe que é así!–, porque vos fostes contra a miña vontade e, cando me viñestes ver hoxe, se non fose por medida, sen dúbida, non me veña ben nunca de Deus nin de onde hoxe me vén se eu consentira en vos ver.

Gran sazon á, meu amigo,
que vos vós de mí partistes
en Valong'e non m'ar vistes,
nen ar ouv'eu depois migo
de nulha ren gasalhado;
mais nunca tan desejado
d'amiga fostes, amigo.

Nen vos dira nunca molher
que verdade queira dizer
nen vós non podeades saber
nunca per outren, se Deus quer
ou se eu verdad'ei migo,
que nunca vistes amigo
tan desejado de molher.

Pero ouvestes amiga
a que quisestes mui gran ben,
a min vos tornade por én
se achardes quen vos diga
senon assi com'eu digo:
que nunca vissen amigo
tan desejado d'amiga.

Descrición

Cantiga de Amigo - Mestria - Cobras singulares - Dobre: (vv. 1 e 7 de cada estrofa)

Fontes manuscritas

B 1239, V 844

Paráfrase

- (I) Hai moito tempo, meu amigo, que vós vos apartastes de min en Valongo e non me vistes máis, nin tiven eu despois pracer de cousa ningunha; mais nunca fostes tan desexado por amiga, amigo.
- (II) Nin nunca unha muller que queira dicir verdade vos dirá nin vós o poderedes ouvir nunca de ninguén, se Deus quere ou se eu teño a verdade da miña parte, que nunca vistes un amigo tan desexado por unha muller.
- (III) Aínda que tivestes amiga a quen amastes moito, volve a min por iso se encontrades quen vos diga así como vos eu digo: que nunca viron amigo tan desexado por amiga.

Id'oj', ai meu amigo, led'a San Salvador:
 eu vosco irei leda, e, pois eu vosco for,
 mui leda irei, amigo,
 e vós ledó comigo.
 Pero sã[o] guardada, toda via quer'ir
 convosc', ai meu amigo, se mi a guarda non vir:
 mui leda [irei, amigo,
 e vós ledó comigo].

Pero sã[o] guardada, toda via irei
 convosc', ai meu amigo, se a guarda non ei:
 mui leda [irei, amigo,
 e vós ledó comigo].

Descrición

Cantiga de Amigo - Refrán e Paralelística - Cobras singulares

Fontes manuscritas

B 1246, V 851

Paráfrase

- (I) Ide hoxe ledó, ai meu amigo, a San Salvador: eu irei leda convosco, e, unha vez que estea convosco, moi leda irei, amigo, e vós ledó comigo.
- (II) Aínda que me vixían, de todos os modos quero ir convosco, ai meu amigo, se a garda non me ve: moi leda irei, amigo, e vós ledó comigo.
- (III) Aínda que estou vixiada, de todos os modos irei convosco, ai meu amigo, se non teño garda: moi leda irei, amigo, e vós ledó comigo.

Madr', enviou-vo-lo meu amigo
 [o]je dizer que vos veeria
 se ousass'e, par Santa Maria,
 se o vós ante falardes migo:
 se el vir vós nen mí per meu grado,
 San Salvador mi seja irado

de Valongo; pero sospeitada
 sō[o] de vós, ca lhi quero gran ben,
 nunca lho quix, pois naci, e por én,
 se [o] creverdes, madre loada,
 se el vir vós nen mí per meu grado,
 [San Salvador mi seja irado]

de Valongo, ca se foi el d'aquí
 sen meu mandad'e non me quis veer
 e ora manda-vos preito trager

que vos veja, por tal que veja min:
 se el vir vós nen mí per meu [grado,
 San Salvador mi seja irado].
 E sei ben que non é tan ousado
 que vos el veja sen vosso grado.

Descrición

Cantiga de Amigo - Refrán e Paralelística - Cobras singulares - Ateúda até finda - Finda

Fontes manuscritas

B 1241, V 846

Paráfrase

- (I) Ide Madre, hoxe mandouvós dicir o meu amigo que vos vería se ousase e, por Santa María, se vós falásedes antes comigo diso: se el vos ve a vós ou a min pola miña vontade, sexa irado contra min San Salvador
- (II) de Valongo; aínda que sospeitades de min que o amo, nunca o ameí, des que nacín, e por iso, se o credes, madre loada, se el vos ve a vós ou a min pola miña vontade, sexa irado contra min San Salvador
- (III) de Valongo, xa que el se foi de aquí sen o meu permiso e non me quixo ver, e agora mándavós traer recado sobre como vos podería ver con tal de me ver a min: se el vos ve a vós ou a min pola miña vontade, sexa irado contra min San Salvador.

Por Deus, que vos non pes,
 mia madr'e mia senhor,
 d'ir a San Salvador,
 ca, se oje i van tres
 fremosas, eu serei
 a ùa, ben o sei.

Por fazer oraçon
 quer'oj'eu ala ir,
 e, por vos non mentir,
 se oj'i duas son
 fremosas, eu serei
 a ùa, ben o sei.

I é meu amig', ai
 madr', e i-lo-ei veer
 por lhi fazer prazer!
 Se oj'i ùa vai
 fremosa, eu serei
 a ùa, ben o sei.

Descrición

Cantiga de Amigo - Refrán - Cobras singulares

Fontes manuscritas

B 1243, V 848 - A estrofa III só foi copiada no Cancioneiro da Vaticana.

Paráfrase

- (I) Por Deus, que vos non pese, miña nai e miña señora, ir eu a San Salvador, porque, se hoxe alí van tres fermosas, eu serei a primeira (en beleza), ben o sei.
- (II) Para facer oración quero ir eu hoxe alá, e, con certeza, se hoxe alí hai dúas fermosas, eu serei a primeira (en beleza), ben o sei.
- (III) Alí está o meu amigo, ai madre, e ireino ver por lle facer pracer! Se hoxe alí vai unha fermosa, eu serei a primeira (en beleza), ben o sei.